

## RESOLUCIÓN

**Asunto: Subvención nominativa ao Club Xuventude Dorneda para a organización do torneo de fútbol Concello de Oleiros 2025**

**Expediente: 2025/EGFAB/000107**

### Antecedentes

1.- As Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2025 recollen no artigo 28.9 as subvencións nominativas que se prevén para o presente exercicio, entre as cales están as seguintes:

| Partida      | Beneficiario           | Importe (€) | Finalidade/Obxecto                                                                                                                       |
|--------------|------------------------|-------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 81.341.48100 | Club Xuventude Dorneda | 13.758      | Contribuír ao custe de organización do torneo de fútbol. Abonarase o importe do gasto realmente xustificado, cun máximo de 13.758 euros. |

2.- Con data 14/07/2025, rexistro de entrada 2025015549, o **Club Xuventude Dorneda** presenta solicitude para que se lle conceda unha subvención por importe de **16.050,00 €** para o pago dos premios e os gastos de arbitraje do torneo de fútbol Concello de Oleiros (categorías masculina e feminina). O detalle dos gastos é o seguinte:

- ✓ Premios a repartir entre equipos participantes:
  - 9.400 € no Torneo masculino.
  - 5.150 € no Torneo feminina.
- ✓ Gastos de arbitraje: 1.500,00 €

3.- Xunto coa solicitude, achega a seguinte documentación:

Declaración responsable de non estar incurso en incompatibilidades, atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade Social, e de cumprir o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

4.- Considerando que a cantidade previstas nas BEO non é suficiente para atender ao incremento de gastos, con data 16/07/2025 o Concello de Oleiros iniciou o procedemento para a concesión dunha subvención directa de 2.292,00 euros ao Club Xuventude de Dorneda, en concepto de subvención complementaria da prevista nas BEO, coa finalidade de contribuír ao incremento de custe da organización do Torneo de Fútbol nas súas categorías masculina e feminina.

5.- En data 29/07/2025, foi ditada providencia da Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción económica, iniciando o procedemento para a concesión da subvención nominativa prevista nas BEO, ordenando que polo Técnico



Municipal de Deportes se efectúe o informe-proposta no que se detallen as condicións da concesión.

**6.-** O 30/07/2025 o Técnico Municipal de Deportes formulou a súa proposta, que foi informada favorablemente pola responsable da Unidade Xurídica CEDFEX e pola Intervención Municipal.

**7.-** Incorporáronse ao expediente certificados da AEAT, TGSS e Recadación Municipal, relativos a que a entidade atópase ao corrente nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Polo exposto, en exercicio das facultades que foron delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto de Alcaldía número 2023003281, de 21 de xuño de 2023, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Conceder ao CLUB XUVENTUDE DORNEDA , con C.I.F. G-G70458674, e enderezo en Avda. da República Arxentina, 88 15178 Oleiros, a cantidade de 13.758 euros, coa finalidade de contribuír ao custe de organización do Torneo de Fútbol Concello de Oleiros, con cargo á aplicación orzamentaria 81.341.48100.

**Segundo.-** Autorizar e dispor un gasto un gasto de 13.758 euros para o fin sinalado no parágrafo anterior.

**Terceiro.-** As condicións desta subvención son as seguintes:

**a) Obxecto:** organización do Torneo de Fútbol Concello de Oleiros 2025.

**b) Compatibilidade:** Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

**c) Coeficiente de financiamento:** 100%.

**d) Pagamento:** Efectuarase o pagamento anticipado do 100% da subvención concedida. O pago anticipado realízase para que o club organizador poda facer fronte aos pagamentos adiantados ou inmediatos que se requiran ao longo do torneo.

**e) Obrigas da entidade subvencionada:**

- ✓ Promover a creación dunha comisión coordinadora do torneo, formada por un membro de cada club, e na que o propio **Club Xuventude de Dorneda** ocupará a presidencia. A comisión terá a seguinte función: Establecer o calendario de competición do torneo, así como a resolución de posibles trocos de datas que se puideran solicitar durante o mesmo, tanto da categoría masculina como feminina.
- ✓ Facer fronte aos gastos de arbitraje de todos os partidos do torneo.



- ✓ Xestionar coa federación galega de fútbol os correspondentes permisos e trámites administrativos precisos para o funcionamento do torneo.
- ✓ Aboar aos clubs participantes as cantidades correspondentes aos premios que lles correspondan, e que son as seguintes:
  - Finalistas: levará cada equipo un premio de 1.300 €
  - Resto dos equipos participantes: percibirán un premio de 850 € cada un.

Na **categoría masculina** confirmada a participación de 10 equipos e repartirase unha cantidade total de 8.500 € en premios como parte fixa, así como un *plus* aos equipos finalistas de 450 € a cada un. Total categoría masculina, **9.400 €**

Na **categoría feminina** confirmada a participación de 5 equipos e a cantidade a repartir será de 4.250 € en premios como parte fixa, así como un *plus* aos equipos finalistas de 450 € a cada un. Total categoría feminina, **5.150 €**.

- ✓ Este pagamento efectuarase do seguinte xeito:
  - un primeiro pago aos clubs, da cantidade de 850 euros a cada un dos equipos participantes, con data límite de 15 días despois de que remate o Torneo.
  - un segundo pago aos dous clubs finalistas polo importe da diferenza entre o percibido e o que lles corresponda percibir segundo o reseñado no parágrafo anterior.
- ✓ Publicidade: Facer constar na totalidade da publicidade que realice da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta con subvención do Concello de Oleiros, sinalando o importe e o concepto. A estes efectos, deberá publicitar nas súas redes sociais e/ou páxina web a concesión da subvención, concepto e importe no momento que o coñezan. Asemade, deberá incluír nos elementos sinalizadores na propia realización da proba (carteis, banners, carpas, etc) o logo do Concello de Oleiros.
- ✓ Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.
- ✓ Presentar a conta xustificativa no prazo e do xeito que sinala no parágrafo seguinte.

**f) Xustificación:**

- O prazo de xustificación das axudas será de **UN MES** contado a partir da data en que se dispute o último partido.
- A conta xustificativa constará dos seguintes documentos:
  - Informe da clasificación final do torneo.
  - Declaración responsable do Presidente de que os fondos percibidos foron destinados ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e de que o importe da



axuda non excede de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

- Declaración doutras axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.
- Acreditación da publicidade feita.- enlace á web e/ou redes sociais onde conste a publicidade e fotografías do evento onde se vexan os elementos publicitarios esixidos.
- Facturas orixinais ou copias compulsadas xustificativas dos gastos realizados (arbitraxes e taxas federación) e o xustificante de telos aboados.
- Recibos orixinais ou copias compulsadas xustificativas do pagamento dos premios aos clubs participantes no evento, mediante os que se acredite o uso dos fondos concedidos. Nos recibos deberán constar os seguintes datos: datos completos do pagador (nome, enderezo e CIF), datos completos do perceptor do premio (ídem), importe pagado, concepto (premio en función do posto acadado na clasificación do Torneo, lugar, data e sinatura).

**g)** O réxime de concesión, xestión, xustificación, control financeiro, infraccións e sancións desta subvención axustarase ao regulado na normativa estatal e autonómica sobre subvencións públicas, así como o regulado ao respecto nas bases de execución do orzamento.

**Cuarto.-** Recoñecer a obriga a favor da entidade devandita dun importe de **13.758** euros.

**Quinto.-** Que se notifique debidamente aos interesados, advertíndolles que contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes

*En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura ao pé pola Quinta Tenente de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción económica, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).*

